



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE

Proxecto	Mellora capa de rodaxe Igrexa de Troitosende ao límite de Ames
Plan	POS+2023 AD2
Orzamento	70250,35 € (21 % IVE incluído)
Licitación (PLACSP)	2024/C003/000003. Data: 12/08/2024
Expte. electrónico Tedec	2024/C003/000003
Procedemento	aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática
Tramitación	ordinaria
Mesa de Contratación Permanente	Nomeada no Pleno do Concello da Baña, na sesión do 07/02/2024 BOP núm. 35 do 19/02/2024

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello

Sesión núm.: 1

Tipo de sesión: ordinaria

Tipo de acto: non público

Data: 5 de setembro de 2024 (xoves)

Hora de comezo: 09:25 h

Hora de remate: 09:36 h

ASISTENTES

- Jesús Manuel Pena Varela, segundo tenente de alcalde e concelleiro de Obras, Urbanismo e Medio Rural, presidente
- Olga Dourado González, secretaria-interventora, vogal
- Fernando Martínez Méndez, funcionario municipal, vogal
- Vera Lucía Antelo Suárez, funcionaria municipal, vogal
- Evaristo Lois Rama, persoal funcionario, como secretario da mesa

ORDE DO DÍA

1. Constitución da mesa de contratación
2. Apertura sobre B: *declaracións responsables e referencias técnicas. Criterios non avaliábeis de forma automática.*
3. Rolda de intervencións

Foi comprobado polo secretario da mesa o quórum de asistencia que se precisa.

Foi aberta a sesión, seguindo a orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados enriba.



DEBATES E ACORDOS

1. Constitución da mesa de contratación

A mesa de contratación, por unanimidade dos membros asistentes, acordou constituír a mesa de contratación permanente para esta obra.

2. Apertura sobre B: *declaracións responsables e referencias técnicas. Criterios non avaliábeis de forma automática.*

Os membros da mesa, xunto coa convocatoria da sesión, recibiron os pregos de cláusulas administrativas particulares, (en diante PCAP), e a listaxe das empresas licitadores que emite a Plataforma de Contratación do Sector Público, (PLACSP):

Licitadores	CIF	Data presentación PLACSP
Construcciones Ponciano Nieto S.L	B15293145	30/08/2024 17:52
Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	B15261308	30/04/2024 18:16
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L	B70134143	02/05/2024 13:33
HORDESCON, S.L.	B32108334	02/09/2024 12:48
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	B15608193	30/08/2024 13:54

O presidente ordena abrir os sobre B presentados polas empresas licitadoras referente á *declaración responsable e ás referencias técnicas*, que o secretario descifra e abre, cuxa documentación foi analizada e examinada polos membros da mesa.

Foi acreditado que a documentación que presentan os licitadores no referente á declaración responsable que se inclúe no sobre B está correcta e conforme ao disposto no PCAP que rexe esta contratación.

A mesa de contratación, por unanimidade, ACORDOU:

1 Admitir as proposición presentadas polas persoas licitadoras:

Persoas licitadoras	Rexistro Contratistas CCAA Galicia	ROLECE
Construcciones Ponciano Nieto S.L	1880	VIÉS: ESB15293145
Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	1691	VIÉS: ESB15261308
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L	3383	1110
HORDESCON, S.L.	912	VIÉS: ESB32108334
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	853	VIÉS: ESB15608193



2 Publicar este acordo na PLACSP e comunicar ás persoas licitadoras a admisión por ese medio.

No sobre B, no apartado mencionado *Referencias técnicas. Criterios non avaliados de forma automática*, os licitadores presentan estes documentos:

Persoas licitadoras	Declaracións e compromisos / Outras capacidades 12.B.1	Programa de traballo 12.B.2.1)	Actuación ambiental 12.B.2.2)	Plan de control de calidade 12.B.2.3)	Esquema do plan de seguridade 12.B.2.4)
Construcciones Ponciano Nieto S.L	Si / Non	Si	Si	Si	Si
Ctnes. J. Mauri e hijos, s.l.	Si / Si	Si	Si	Si	Si
EXCAVACIONES YONI TUÑAS S.L	Si / Non	Si	Si	Si	Si
HORDESCON, S.L.	Si / Non	Si	Si	Si	Si
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	Si / Non	Si	Si	Si	Si

Logo de revisar e analizar a documentación, a mesa considera que é correcta conforme ao PCAP.

A mesa de contratación, por unanimidade, **ACORDOU**:

Achegar aos servizos técnicos do órgano de contratación os documentos que incluíron as empresas licitadoras admitidas nos arquivos ou sobres electrónicos sobre B: apartado subtítulado *Referencias Técnicas*, para valorar e emitir un informe técnico debidamente motivado verbo dos factores de adxudicación non avaliados de forma automática mediante fórmulas.

3. Rolda de intervencións

Non se realiza intervención ningunha.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario da mesa

Evaristo Lois Rama
(Documento que se asina electronicamente)

O presidente da mesa

Jesús Manuel Pena Varela